

ANDREA NUNES BRIÓNS / MARÍA ROSENDO PRIEGO, *Diáspora do amor balea*

Polinizándome

o peixe sabe de augas amor se callar inconsciente
igual que nós sabemos de marés que rebentan diques
de amores diversos e redondos que non calan
de palabras que arrecenden a primavera e a desexo

igual que nós baixo un ceo grisallento ou *azul clarito*
sabéndonos a bocados a planicies a urxencias

ben sei que as carqueixas estralan ao arderen
como eu coas túas palabras a me queimar enteira
aínda que busque incansable a chorima crecendo do teu ventre
e só encontre peonias e bambú
(após tanto crisantemo)

agora levo o cheiro da artemisa
e raíces de *ginseng* na miña pel
e quédanos só
o tempo das carqueixas florecendo
e un día despois estarei chegando eu
abríndome en flor
polinizándome
ao abeiro do teu discorrer amor
do noso florecer

CARLOS LIXÓ, *As casas*

Os estorniños cobren a vila
e rin da xente
que vive apertada
día a día a berrar
por todo e por nada

uns rapaces ollan nun parque
unha nube coa forma da gravidade
a señora do chapeu de palla
compra crema solar
por casualidade
e non se importa de o mundo ver
que as súas mentiras son imparábeis
aínda que ela non mata
porque nin quere
nin sabe

ninguén ve vir a tempestade
non hai quen ouza os presaxios
as montañas arden cor de rosa
e as mulleres non paren cabezas de becerro
nunca máis

mais o invisíbel non é un erro
e a explosión está debaixo das baldosas
e dentro da túa pel

no ar

comezou por fin o ciclo das noces

CELSO FERNÁNDEZ SANMARTÍN, *A cama do meu avó*

A memoria
incompleta e clara

A memoria
rabuda e agochada

O relato da memoria
é ter os ollos no lume
mirando a leña que arde

O cazapo abre os ollos
nunha camada de memorias

A memoria
ausculta a neve que caeu

A lebre e a neve
teñen a cama no monte

Escondida ata que a topas
a lebre *dormita*

A neve no chau
bota un pelo moi fino

Salta a lebre
falta todo

EMMA PEDREIRA, *antídoto*

LISTA DA COMPRA DA VIÚVA

Na lista da compra só hai cousas para min.
Non coitelas, non arrebatadas ameixas
e infusións contra doenzas inventadas.
Non hai pan exótico para queimar nunha tixola mentres ti
e mentres eu,
non hai caprichos para desfacérseche na lingua.
Nin tabaco para o despois.

Na lista da compra só hai aire e sombra,
ítems dos que eu preciso,
e xa non gasto en comer nin en chorar,
xa non tatúo nada na porta da neveira, nin escollo
lugares en mapamundis contritos para fixar
aquí fomos/ou non/felices.
Na miña lista da compra volven mesturarse
os meus dez anos cos meus oitenta.
Hai panos do narís e algodóns e doces
polos que doo entre bágoas, entre moas.
Volve haber cousas que fai tempo que non.
Tiritas e suturas,
contencións para o desangrarse.
Fío para o desgarrar, xeo para as feridas.

Xa me vou esquecendo de luxar as lúas
das uñas con canela e curry, xa non me sinto
na danza da fritura e da noite e xa non elixo
a froita por como se pareza a súa pel á túa,
afundindo as miñas xemas dos seus extremos.
Volve haber cigarros, tapóns para os ollos,
pinturas para recalcar os meus poros lacazáns,
e etiquetas nas que marcar cada lugar de min
que non se pode tocar máis.
Volve haber pintalabios que non me arrincarás
a beixos, maquillaxe para este último golpe
(que irá mudando a súa cor como o plátano maduro),
panos de papel para desbordamentos,
masilla para as miñas fendas de ruína.
E compresas.
Porque esta mañá– probablemente– perdemos
a última oportunidade
de ser os terribles pais
dun indómito nada.

LARA DOPAZO, *Claus e o alacrán*

perderei a cabeza o día que non vos teña canda min
é máis:
perderei a cabeza

camiñarei sen rumbo
polos bordos dos pratos esportelados
camiñarei
polo muro pequeno da horta
comido polo verdello

falarei soa
máis do que xa falo
e pode que deixe de me vestir
ou me vista en exceso

perderei os ollos.
o día que vos perda
perderei todo o que me cinguiu
o que fun

porque sei, desde sempre
que hei perder a cabeza
e a dor será unha dor punzante
e continua
na comisura dos ollos
nas costuras do peito

-entón, xa si
rebetado
estouparei de negrura cara dentro
e as estelas dos vosos retratos
quedarán cravadas
nos órganos máis descoñecidos
-nos riles, no fígado
nos pulmóns

só sei unha cousa:
perderei a cabeza
o dá que non esteades comigo.
serei viúva de viuvez imposible
mais non orfa
porque as orfas xa non visten loito
e eu

eu vestirei loito por vós
e vestirei loito por min.
deixarei que as tellas caian

sobre as caixas de peixe frío
que caían limóns enormes
de todas as árbores

perderei a cabeza.

é máis:

pecharei a casa como unha pantasma
poñerei todo o ouro e durmirei con el
porque aínda terá a vosa calor
e unha vez á semana
chamarei por teléfono a números descoñecidos,
abrirei as cartas
unha a unha
para deixalas sen ler

non diferenciarei as fotografías dos espellos
e o meu camelio murchará
e o cheiro da verdura murchará
e a roupa limpa murchará

comida pola enfermidade que non ten nome
perderei a cabeza ata volverme invisible
e deixarei no abandono
os meus apelidos
o nome co que me construístes
mentres todos os meus libros arden

porque eses libros non souberon prepararme para a dor
nin souberon da demencia
nin me chamaron polo meu nome

a cama sen facer nos sucesivos cuartos
das sucesivas noites
e o pelo agromando desesperado
polos recantos do patio.
non darei de comer aos gatos
nin sequer para enganalos co veneno.
simplemente deixareime
como se deixan as trabes vellas de madeira.
perderei a fala
sustentada sobre vós
e todas as referencia e as estruturas

detrás delas

-das referencias, das estruturas
cairei eu

vella, ida, enferma
co peito aberto en canal

posto a sollar coma os corvos.
non terei cabeza cando non vos teña a vós.
non terei nome nin casa

LAURA RAMOS CUBA, *a situación actual*

fásme amor
con toda a dozura fásme
fermosa de máis para o mundo

constrúesme unha cúpula
no eterno espazo da noite onde
poidamos ficar inmortais incrustadas na outra

por iso cando
entras na cama e me apertas
tan forte tan forte
como para
pulverizarme o tórax
creo que podería
aboiar no areal do tempo para sempre
acougar canda ti neste breve anaco de mundo

notar como aletexas
os teus últimos minutos de consciencia
antes de caer vencido no sono
e eu, mexerme
no berce transparente da túa respiración

LUCÍA ALDAO, *Todo isto antes era noite*

Quen te tirou da burra
puido ter a delicadeza de untarche a pel coa pel de quen non sofre,
camuflar se tal algunha espiña dentro dunha froita , deitarse
[co teu mellor vestido
(pasar polo seu forro a intimidade),
por exemplo.
Eu que sei.
Así agora mesmo véñenseme á cabeza unhas cantas tormentosas xeiras
onde ti eras ruín e eu devecía por un cristo.
Visito esa memoria con preguiza e con respecto.

Tes cinco pasados
catro xeitos de dicir non
tres historias que non contas
dous bordos de precipicio
e un corpo,
unha conta atrás desas nas que algo estoupa
e todo rompo un pouco.
E botas en falla a honestidade da bala e da súa ferida,
que non é a mesma ca a da pistola no peto,
que si que é a da ferida
que proe a dous metros da ferida.
É a túa casa se acertas coa altura do interruptor
[ou se esquivas ben o *gotelé*.
Se non é así, marcha ou chora.

Ben ves que hai versos que os patrocina un puño.
Para que ese verso brille, desdouras as palabras.

Se non é así, marcha ou chora.

Todo sosego merece un volantazo
ou non son precisamente os camiños da calma onde ti te arrebataches.
Iso viña defender nesta batalla
eu,
que fixen cousas que nin eu faría
que me recoñezo tongo, e apaño, e un xeito de saír

(por riba, bastante airosa)
da túa casa polo tellado.
O tellado que dá á noite.
A noite é un zulo,
pero un zulo con vistas.

Acabáramos.

MARTA DACOSTA, *Labirinto ou memoria*

Xa non son quen
de lembrar
os poemas escritos
os títulos dos libros
os lugares, as persoas, as conversas

desancorada
volvo ao pozo da memoria
para tirar un balde dentro
tentar que chegue ao fondo
ter a forza suficiente para halar o seu peso
non perder unha gota mentres sobe
e poder acalmar, brevemente
esta sede

por iso teño o patio cheo de baldes
baldes grandes e pequenos
que fun deixando ao redor do pozo

en cada lance un balde
un retallo de memoria

e os baldes vanse amoreando no patio
nos corredores da casa
antes as portas fechadas
nos armarios
cos segredos aboindo
como lixo que non se pode agachar

baldes grandes, pequenos
de todos os tamaños
baldes para lembrar
as palabras escritas nos poemas
os libros que me fixeron
os espazos, os nomes, as historias

momentos como boias
aos que suxeitar a vida

PILAR PALLARÉS, *Tempo fósil*

TAN LONXE non está o mar. Se fose un can podería ventalo talvez detrás dos montes, alén do lugar que fica sepultado, onde labraron xeracións de avós.

Nos solpores pódese ouvir, ao lonxe, o tren. Mais este é un val choído. Outeiros doces que esvaecen na choiva; o lombo do Pai Xalo, que por veces semella un bispo xacente coa tiara carcomida polas brétemas; o bosque polo que avanza, arfando baixo, un mínimo regato ao que chaman río Chan.

Un terraplén monstruoso comezou a devorar as terras de Luisito, o fidalgo. Axiña ha ser o pazo un pardiñeiro. A el han ir en procura de acubillo, para pariren, as gatas. Un niño nunha ponla, entre morte e morte.

Medra aos poucos a casa, como un fungo nun terreo areoso e hostil. Nunha aba que loitou por non ser leira e é horta agora.

Xardín primeiro. Cara o *far west* do val, que sobrevoan as rapaces, un cuadrángulo onde medran flores inútiles, sostidas só pola beleza, continxencias pura. Non serven para carrexaren leite, nin auga. Non dan calor no leito, non pagan nada. *Un excedente para progresaren / noutra forma de vida*. Un soño que roubaron os pais.

Todo para durar. Tan pouco.

SUSANA SANCHES ARÍNS, *Tu contas e eu conto*

e isso é o amor

*a visionar a verbena
do Caxade*

lembrei
que marina ia de socos
e balouçava na mão
limpos sapatos de salto
brancos
e guardava os socos
tão tosquinhos e de madeira
entre as pedras de um valado
e calçava os brancos sapatos
de ponta descuberta

[sandálias ló, dizia eu]
cala e escuita,
que este conto é nosso:

e luzia unhas pintadas
e botava a baila com pepe
e outra baila e uma rumba
e três carinhos clandestinos
e mudava sapatos [sandálias]
por socos e voltava ao carreiro
de lama com a música e os beijos
ainda a dançar
no rosado das unhas dos pés
abrigados na camurça dos socos

e lembrei

que uma noite
alguém levou os socos voaram
ou marina esqueceu o agocho
ou pepe escondeu para durar a festa
e houve de fazer o caminho todo
de curantes ao fojo
com os sapatos da mão
para não estropiar-lhes a brancura
e os pés descalços
e as unhas rosas
e a música e os beijos
e o amor todo a dançar
na frescura da lama

lembrei isso.